

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 2 DE XULLO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de Lei galega de medidas tributarias relativas ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para fomento do acceso á vivenda

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se declara medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia a *Sociedade Redes de Telecomunicacións Galegas, Retegal, S.A.* e se modifican os seus estatutos

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declaran en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado e construción da obra "modificación da AC-451, ramal de acceso á autovía Santiago- Brión (convenio co concello de Brión), treito AC-451: autovía (AG-56)- Brans de Arriba"

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se nomea a Juan Carlos Fernández Fasero como director da Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC)

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se determina o calendario laboral para o ano 2010 na Comunidade Autónoma de Galicia

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, para a realización de actuacións encamiñadas a garantir ás mulleres vítimas da violencia de xénero o dereito á asistencia social integral
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a entidade *Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela*, para levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención a emigrantes retornados e inmigrantes

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se crea a Comisión de estudo das vixentes asistencias técnicas, contratos de servizo, consultoría e encomendas de xestión polas que se prestan servizos para os distintos centros directivos da Xunta de Galicia
- Acordo polo que se autoriza o alleamento de vinte e tres (23) vehículos do parque móbil adscritos á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Boqueixón, para a execución da obra: "Ampliación do saneamento en Lestedo e Sergude (A Coruña)", clave OH.315.815, por importe de seiscientos vinte e cinco mil oitenta e seis euros e cincuenta e tres céntimos (625.086,53 euros)

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre o Ministerio de Ciencia e Innovación, a Consellería de Economía e Industria, e a *Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (AIMEN)*, para selección e execución do proxecto de infraestrutura científica "construción do Centro de Aplicación Láser", cofinanciados polo FEDER

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto para o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, para a preparación das propostas de novos plans de estudos no marco da nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais
- Acordo polo que se valida o gasto do convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e Caixanova, para a colaboración educativa na etapa de educación secundaria obrigatoria

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional 6ª ao concerto suscrito con data 29 de abril de 2005 entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Congregación del Santo Hospital de Caridad de Ferrol* da que depende o *Hospital Juan Cardona*, pola que se fixa a actividade sanitaria para o ano 2009

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Marín, para a construción dun centro de acollida de visitantes aos petróglifos de Mogor

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda para a modificación do contrato de xestión do servizo público de Gardacostas de Galicia prestado a través de medios marítimos, formalizado o 12 de xullo de 2006 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a empresa *Remolcadores Nosa Terra, S.A. (REMOLCANOSA)*

INFORMES

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre o Plan de restauración e posta en valor dos Camiños de Santiago. Espazos públicos, carballeiras e patrimonio etnográfico

A REBAIXA DOS IMPOSTOS SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS XA BENEFICIARÁ OS MOZOS E FAMILIAS NUMEROSAS DESDE O 1 DE XULLO

- *O obxectivo é facilitar a estes colectivos o acceso á vivenda e servir de estímulo para a reactivación do sector inmobiliario*
- *No imposto sobre transmisións patrimoniais o tipo de gravame aplicable será do 4% e no de actos xurídicos documentados do 0,3%*
- *Esta rebaixa fiscal terá un impacto anual duns 7 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto de Lei de medidas tributarias para o fomento do acceso á vivenda que inclúe unha rebaixa á metade do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, do que se beneficiarán as familias numerosas e os menores de 36 anos de idade.

Esta medida xa beneficiará de xeito inmediato a estes colectivos, posto que o anteproxecto inclúe unha disposición transitoria que permite estender os beneficios fiscais ás operacións formalizadas desde o 1 de xullo de 2009.

O obxectivo desta actuación, que responde a un compromiso do novo Goberno, é facilitar o acceso á vivenda destes colectivos e, ao mesmo tempo, servir de estímulo para a reactivación do sector inmobiliario.

No caso do imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 4%, fronte ao 7% actual. Para iso, o beneficiario ten que ser membro de familia numerosa ou ter unha idade inferior a 36 anos de idade.

Para estes mozos trátase dunha medida que terá un carácter provisional no tempo, pois estará en vigor ata finais do ano 2011, pero con posibilidade de prórroga, mentres que para as familias numerosas esta redución do gravame será permanente.

Outras condicións exixibles aos posibles beneficiarios desta rebaixa é que cumpran uns límites de patrimonio. Así, no caso de familias numerosas a suma de patrimonio de todos os membros non poderá superar os 400.000 euros, máis 50.000 adicionais por cada membro superior ao mínimo para obter a consideración de familia numerosa.

Para os menores de 36 anos, os límites de patrimonio serán que a suma de todos os membros da unidade familiar non sexa maior cos 250.00 euros, máis 30.000 adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda do primeiro.

No imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, o tipo de gravame para as primeiras copias de escrituras que documenten

unha adquisición de vivenda habitual será do 0,3%, fronte ao 0,75% actual, sempre que se cumpran os mesmos requisitos sinalados para o imposto de transmisións patrimoniais.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE DECLARA A SOCIEDADE *RETEGAL S.A.* MEDIO PROPIO INSTRUMENTAL E SERVIZO TÉCNICO DA XUNTA DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o decreto polo que se declara medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia á sociedade pública Redes de Telecomunicacións de Galicia, *Retegal, S.A.* e se aproba a modificación dos seus estatutos.

Segundo o decreto aprobado hoxe, *Retegal* é unha sociedade anónima de nacionalidade española e capital social integramente de titularidade pública destinada á prestación de servizos de telecomunicacións en Galicia. Ademais, tamén ten por obxecto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia, así como a elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que lle correspondan á Comunidade Autónoma.

Esta sociedade ten a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos no referente á realización de actividades propias do seu obxecto social que se lle encarguen, estando obrigada a realizalas.

A natureza de medio propio e servizo técnico adquirida pola sociedade vai determinar a imposibilidade de participar en licitacións públicas convocadas pola Administración da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos, sen prexuízo de que cando non concorran ningún licitador, se poida encargar a execución da prestación obxecto destas.

As tarifas que percibirá *Retegal* en concepto de retribución pola execución das encomendas serán fixadas por unha comisión paritaria na que participarán representantes da Consellería de Facenda e da Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia.

A sociedade pública Rede de Telecomunicacións de Galicia, *Retegal S.A.* foi creada polo Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, asumindo a xestión de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións da Xunta de Galicia.

A XUNTA INVESTIRÁ 4 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DAS CONEXIÓNS DE BRIÓN E A BARCALA COA AUTOVÍA SANTIAGO-BRIÓN

- *O Consello da Xunta foi informado do decreto polo que se declara de utilidade pública e se dispón á urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado desta obra*
- *Con esta actuación evitarase que o tráfico pase polo núcleo de Brión e facilitar a conexión dos municipios da comarca da Barcala coa autovía AG-56*
- *Os concellos directamente beneficiarios pola posta en marcha desta infraestrutura son Negreira, Ames e Brión. A poboación servida ascende a preto de 40.000 persoas.*

A Xunta de Galicia investirá 4 millóns de euros na modificación da estrada AC-451, ramal de enlace á autovía Santiago-Brión (AG-56), co obxectivo de mellorar o acceso da comarca da Barcala á dita autovía. O Consello da Xunta foi informado esta mañá do decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra. Esta actuación afectará un total de 244 predios que discorren entre a entrada á AG-56 e o núcleo urbano Brans de Arriba.

Unha vez executado, suporá reducir o tráfico rodado que diariamente circula polo núcleo de Brión. Unha zona densamente poboada e que conta cunha vía moi estreita e anticuada –na meirande parte do seu trazado–, polo que se crean complicacións na circulación. Esta nova vía facilitará fundamentalmente a conexión dos municipios da comarca da Barcala coa autovía AG-56, polo que facilitará aos cidadáns residentes neste territorio un rápido enlace con outras vías de alta capacidade e coas infraestruturas da costa.

A urxencia de ocupación precisa para a execución do proxecto vén xustificada polo feito de que as conexións actuais non son aptas para cubrir as necesidades e exixencias en materia de circulación viaria. Sobre todo hai que ter en conta que desde a entrada en servizo da AG-56 xerouse unha maior densidade de tráfico e as vías actuais, pola súa antigüidade e cun trazado que discorre por zona urbana, non son capaces de garantir os requisitos mínimos de seguridade exixibles.

Á vista destas circunstancias, a Administración galega executará estas obras para salvagardar a seguridade das persoas e dos automobilistas que circulan por esta vía.

O proxecto

Antes de que remate o presente ano as obras de modificación do ramal de acceso á AG-54 estarán en marcha, segundo as previsións que manexa a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Este organismo dedicará un orzamento de máis de 4 millóns de euros para a materialización deste treito de case tres quilómetros entre a AG-54 e o núcleo de Brans de Arriba (AC-451).

Os concellos directamente beneficiarios pola posta en marcha desta infraestrutura son Negreira, Ames e Brión. Este último tamén é o concello afectado polo desenvolvemento da actuación. Neste sentido, a poboación servida ascende a preto de 40.000 persoas.

Este tramo forma parte da Rede Secundaria de Estradas da Xunta de Galicia e unha vez modificado constará de dous carrís de 3,5 metros cada un, dúas beiravías de medio metro, así como dúas glorietas. No proxecto tamén se prevé unha conexión desta vía co cemiterio e dúas paradas de autobús para os usuarios do transporte público.

Cómpre sinalar que esta nova vía vén completar a comunicación na área de Santiago de Compostela, así como as conexións entre a capital de Galicia e a zona do Barbanza.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DE INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC)

Juan Carlos Fernández Fasero

Naceu en Arnoia no ano 1969. Realizou estudos de Física na Universidade de Santiago e no Conservatorio Profesional de Música de Ourense na especialidade de guitarra. Foi membro fundador dos grupos de música folk Grieh, Aqua-Lae e Mutenrohi e autor de tres discos na súa carreira en solitario. Como compositor e produtor musical traballou para Mutenrohi, Cristina Pato, Eva Carreras e Lume.

Nominado 4 veces pola Academia de la Música como mellor autor en galego, recibiu tres premios Luar a producións realizadas por el.

Ata a actualidade, foi director da empresa *Zouma Producciones S.L.* e ocupou os cargos de vicepresidente da Asociación Galega de Empresas Musicais e de secretario da Asociación Galega de Produtoras Fonográficas. En 2007 resultou elixido concelleiro polo Partido Popular no concello de Arnoia.

APROBADO O CALENDARIO LABORAL DE GALICIA PARA O ANO 2010

- *Para o vindeiro ano o 25 de xullo, Día de Galicia, e o 15 de agosto, a Asunción, substituiranse polo 17 de maio, Día das letras galegas, e o 19 de marzo, San Xosé, ao coincidir en domingo os dous primeiros*

O Consello da Xunta aprobou o calendario laboral, presentado pola Consellería de Traballo e Benestar, que rexerá o vindeiro ano 2010 na comunidade galega. A axenda recolle as festas nacionais e autonómicas, en total 12 días que se consideran festivos laborables é dicir, de carácter retribuído e non recuperables.

Deste xeito, no próximo ano 2010 serán festa na nosa comunidade os seguintes días:

1 de xaneiro	Aninovo
6 de xaneiro	Día de Reis
19 de marzo	San Xosé
1 de abril	Xoves Santo
2 de abril	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
12 de outubro	Día da Hispanidade
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución
8 de decembro	A Inmaculada
25 de decembro	Nadal

No ano 2010 os festivos 25 de xullo, Día de Galicia, e o 15 de agosto, a Asunción, ao coincidir en domingo, substitúense polos días 19 de marzo e 17 de maio, San Xosé e Letras Galegas, respectivamente.

A estes días haberá que sumar os festivos locais que dependerán, en cada caso, do municipio correspondente.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE E O MINISTERIO DE IGUALDADE DE CARA A GARANTIR ÁS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XENERO O DEREITO A ASISTENCIA SOCIAL INTEGRAL

- *A sinatura suporá unha achega económica de 200.000 euros para realizar as actividades necesarias*

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Igualdade, e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, de cara á realización de actuacións encamiñadas a garantir ás mulleres vítimas de violencia de xénero o dereito á asistencia social integral.

Neste sentido, a sinatura suporá unha achega económica por parte do Ministerio de Igualdade de 200.000 euros, que permitirá elaborar e homologar protocolos de intervención integral para mulleres inmigrantes vítimas de violencia de xénero, así como artellar servizos e medidas de atención específica e directa para os fillos e fillas das afectadas.

O convenio vén dar cumprimento ao acordado o pasado mes de xaneiro no transcurso da II Conferencia Sectorial, convocada polo Ministerio de Igualdade, e na que se aprobou un novo regulamento, con criterios obxectivos para todas as comunidades, de cara á distribución dun fondo de cinco millóns de euros para o desenvolvemento de programas e a prestación de servizos con vistas a garantir ás vítimas de violencia de xénero o dereito á asistencia social integral, dereito fixado de por si na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Así mesmo, o texto do convenio establece, tamén, unha comisión de seguimento, o seu prazo de vixencia (ata o 31 de decembro de 2009 para realizar as actividades, e ata o 31 de marzo do 2010 para xustificalas), así como as causas e consecuencias de extinción do convenio e réxime xurídico aplicable.

O GOBERNO GALEGO FINANCIA CON 240.000 EUROS O PROGRAMA DE CÁRITAS DIOCESANA DE ATENCIÓN AOS EMIGRANTES RETORNADOS E AOS INMIGRANTES

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela polo que o Goberno galego financiará con 240.000 euros o programa de atención aos emigrantes retornados e aos inmigrantes que desenvolve esa organización. O acordo aprobado hoxe supón darlle continuidade ao proxecto de acollida integral que vén desenvolvendo a Xunta de Galicia desde o ano 2004, dirixido a inmigrantes e retornados como medio para contribuír á integración destas persoas na sociedade galega.

Desde entón, Cáritas Diocesana vén colaborando coa Administración autonómica na acollida básica e atención a inmigrantes e retornados dentro da Rede Galega de Atención ao Retornado e Inmigrantes, así como no desenvolvemento do Programa para a atención humanitaria e a acollida na Península de Inmigrantes procedentes de Canarias, Ceuta e Melilla.

O programa de atención a emigrantes e retornados de Cáritas Diocesana inclúe, entre outras, as seguintes actuacións:

- Informar as persoas inmigrantes e retornadas sobre a súa situación administrativa e trámites que deben realizar dada a súa condición.
- Ofrecer aos inmigrantes e emigrantes retornados que se atopen nunha situación de especial vulnerabilidade e con risco de exclusión social un servizo de aloxamento e manutención, durante un período limitado de tempo, que lles proporcione unhas condicións de vida dignas.
- Apoio económico para as necesidades básicas, de mediación, roupa, asistencia sanitaria, alimentación, transporte e outras que se consideren estritamente necesarias dentro do programa individual de inserción que se elabore con cada beneficiario.
- Promover a incorporación dos emigrantes retornados/ inmigrantes ás redes sociais e á vida comunitaria
- Facilitar todo tipo de información acerca de programas formativos e de orientación laboral e outras axudas ás que poidan ter acceso e que faciliten a súa inserción no mercado laboral.
- Derivar aos servizos sociais tanto de atención primaria como especialidades a aqueles usuarios do programa que o requiran segundo a situación detectada.

-Apoio laboral: informárase e porase en contacto a este colectivo coas distintas ofertas de traballo que particulares fan directamente a Cáritas, así como doutras bolsas de traballo ás que poidan ter acceso.

O programa financiado polo Goberno galego contará cun total de 64 prazas dispoñibles en casas e pisos de acollida, así como apartamentos para 3 familias (10-11 persoas). Ademais, parte destas prazas, ata un máximo de 6 meses, poderán ser reservadas pola Secretaría Xeral de Emigración para o desenvolvemento do Programa para a atención humanitaria e a acollida na Península de inmigrantes procedentes de Canarias, Ceuta e Melilla. A Secretaría Xeral da Emigración fará a reserva destas prazas de acordo coa petición de colaboración do Ministerio de Traballo e Inmigración.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA CREAR UNHA COMISIÓN DE ESTUDO DE ASISTENCIAS TÉCNICAS

- *Analizará e propondrá medidas tendentes á limitación e control da externalización dos servizos*
- *Este acordo non supón, en ningún caso, un incremento do gasto público*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá crear a Comisión de Estudo das vixentes asistencia técnicas, contratos de servizo, consultorías e encomendas de xestión polas que se prestan servizos para os distintos centros directivos da Xunta de Galicia, como órgano técnico de asesoramento en materia de persoal. Este acordo non supón ningún incremento do gasto público e os seus traballos serán desenvolvidos polos distintos integrantes da Comisión dentro da xornada laboral.

A Comisión, adscrita á Consellería de Facenda, está composta polos titulares da Dirección Xeral de Función Pública, Dirección Xeral da Asesoría Xurídica, Dirección Xeral de Orzamentos, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, así como as persoas expertas na materia que se designen.

Esta Comisión de Estudo ten a finalidade de analizar as repercusións que poidan producirse no capítulo de gastos de persoal dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma motivados polas contratacións para a prestación de servizos públicos que non se estean a desenvolver por empregados públicos.

Entre as funcións máis destacadas está a de analizar as repercusións que teñan nos gastos de persoal as distintas modalidades contractuais utilizadas polos centros directivos e organismos da Administración da Xunta de Galicia para a prestacións de servizos aos cidadáns ou á propia administración. Ademais, será a encargada de analizar e propoñer as medidas tendentes á limitación e control da externalización dos servizos.

A Comisión pode propoñer a constitución de todas aquelas subcomisións que sexan necesarias. Tamén poderán constituírse grupos de traballo, como órganos técnicos de apoio e asistencia especializada da Comisión.

A XUNTA ACORDA O ALLEAMENTO DE 23 VEHÍCULOS DE ALTA GAMA DO SEU PARQUE MÓBIL

O Consello da Xunta acordou esta mañá o alleamento de 23 vehículos de alta gama do seu parque móbil xeral, no que se inclúe o trámite, por parte da Consellería de Facenda, dun expediente de permuta de tres turismos blindados e outro de alleabilidade dos outros vinte. Estes vehículos teñen consideración de bens mobles de dominio público e están adscritos á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O motivo polo cal se solicitou o dito alleamento é a inutilidade destes vehículos para ningún dos servizos que precisa a Xunta de Galicia en materia de mobilidade -debido ás súas especiais características- e o elevado custo do seu mantemento. Esta medida, tal e como anunciou o conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, nunha rolda de prensa que tivo lugar onte, representa unha das primeiras decisións do plan de reestructuración do parque móbil da Xunta e servirá para obter coches destinados a servizos sociais, protección civil, sanidade e policía local.

Expediente de permuta

O procedemento de permuta é un negocio xurídico patrimonial polo que se produce un intercambio de bens mobles. Este proceso arrancará este mesmo mes de xullo de xeito público e transparente a través da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Pola súa banda, para os vinte vehículos de alta gama sen blindaxe optarase por un sistema de poxa pública, cuxas bases tamén serán publicadas no DOG. A poxa levarase a cabo en setembro e cada un dos vehículos venderase por separado. O prezo de saída global aproxímase aos 350.000 euros, segundo a taxación efectuada por unha empresa especializada. Os cartos que se consigan na poxa tamén se dedicarán á compra de vehículos para servizos sociais e para coches de Policía Local.

A venda destes 23 vehículos de alta gama enmarcase na liña de eficiencia e austeridade posta en marcha polo novo Goberno galego e constitúe unha das medidas que recolle o plan de reestructuración do parque móbil da Xunta, co que se pretende aforrar arredor de 1,5 millóns de euros ao remate da lexislatura, é dicir, un 25% do que se viña gastando ata o de agora.

MEDIO AMBIENTE LEVARÁ A CABO AS OBRAS DE SANEAMENTO DAS PARROQUIAS DE LESTEDO E SERGUDE, NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

- *A Xunta executará e financiará as obras, cun investimento de 625.000 euros e un prazo de execución de 6 meses*
- *O Concello de Boqueixón comprométese á entrega dos terreos necesarios para a execución das devanditas obras*

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe aprobou a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello coruñés de Boqueixón para a execución da obra de ampliación do saneamento en Lestedo, Mareque e Noenlle, estes últimos na parroquia de Sergude. A colaboración do Goberno galego, a través da Administración hidráulica de Galicia, no desenvolvemento desta infraestrutura serán tanto económica como técnica.

Así, a Consellería de Medio Ambiente financiará o total dos máis de 625.000 euros que custa esta infraestrutura. As obras terán un prazo de execución de 6 meses, polo que estarán rematadas no vindeiro ano 2010.

Lestedo

No sitio de Lestedo levarase a cabo case 5 quilómetros de conducción de saneamento por gravidade e 850 metros de impulsión. As canalizacións inclúen 150 metros de gabia reforzada con formigón e a execución de dous túneles, baixo a estrada N-525 e a vía do ferrocarril Santiago-Ourense, cun total de 70 metros de lonxitude.

Esta infraestrutura hidráulica beneficiará a máis de 400 habitantes desta zona e o Concello de Boqueixón comprométese á entrega dos terreos necesarios para a execución das devanditas obras.

Realizarase un bombeo para levar as augas residuais a unha depuradora existente. O pozo será de formigón armado de 2 metros de diámetro e 4 metros de altura, e terá dúas bombas somerxidas con motor de 30 kw a 2.930 rpm. A impulsión remata na depuradora a través dunha tubaxe de 1,5 quilómetros.

Sergude

Pola súa banda en Mareque e Noenlle, na parroquia de Sergude, as obras comprenden 990 metros de tubaxe de PVC 250, e mais un bombeo, necesario pola orografía, que contará con dúas bombas somerxibles con motor de 2,4 kw a 2.830 rpm. O pozo ten as mesmas características que o de Lestedo. A impulsión terá 275 metros en tubos.

Cabe sinalar que en todos os casos se prevén as conexións coa rede existente e se inclúe no proxecto a reposición dos servizos e pavimentos afectados polas obras.

O departamento que dirixe Agustín Hernández financiará e executará as obras de abastecemento e saneamento de auga, incluso os proxectos técnicos e construtivos, nos termos municipais da Comunidade Autónoma. A porcentaxe de orzamento por parte da Xunta acadará o 100 % do total do custo da obra.

ECONOMÍA E INDUSTRIA INVESTIRÁ 1,28 MILLÓNS DE EUROS PARA CONVERTER GALICIA NO CENTRO DE REFERENCIA DE INVESTIGACIÓN DAS APLICACIÓNS LÁSER

- *O departamento que dirixe Javier Guerra Fernández, o Ministerio de Ciencia e Innovación e o Centro Tecnolóxico AIMEN promoven a construción do novo Centro de Aplicacións Láser no polígono de Torneiros, no Porriño*
- *O futuro centro ocupará unha parcela de máis de 6.000 metros cadrados perfectamente comunicada e que porá en contacto aos ámbitos científicos, técnicos e universitarios*
- *A nova infraestrutura incidirá no fortalecemento e competitividade das empresas galegas e españolas en diferentes sectores, especialmente o da automoción, a construción naval, a fabricación de bens de equipo, a aeronáutica, a petroquímica, o téxtil, a obtención e transformación do aluminio, a transformación do plástico e o sector eólico*
- *O novo centro dará cabida a un mínimo de 15 investigadores especializados en tecnoloxía láser e vinte técnicos cualificados para a utilización dos equipamentos láser e outras tarefas relacionadas coas actividades de investigación*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, o Ministerio de Ciencia e Innovación e o Centro Tecnolóxico da Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (AIMEN). A través deste convenio, a Consellería de Economía e Industria achegará 1,28 millóns de euros á construción do novo Centro de Aplicacións Láser de AIMEN. O custo total da obra ascende a preto de 4,3 millóns de euros, dos que o 70% (preto de 3 millóns de euros) será financiado con fondos FEDER correspondentes ao Fondo Tecnolóxico, xestionado polo Ministerio de Ciencia e Innovación, e o 30% restante pola Xunta de Galicia en tres anualidades: 28.300 euros en 2009, 581.184 en 2010 e 671.323 en 2011.

O Centro de Aplicacións Láser será unha ferramenta ao servizo da industria galega e española que apoiará a estratexia de I+D+i no campo dos materiais e procesos de fabricación, potenciando a interacción entre o ámbito industrial e o ámbito científico-técnico, unha das apostas da Consellería de Economía e Industria. O novo centro, que se sumará ao Centro Tecnolóxico AIMEN, estará situado nunha parcela de 6.612,50 m² no Polígono de Torneiros, no Concello pontevedrés do Porriño. Dará cabida a un mínimo de quince investigadores especializados en tecnoloxía láser e vinte técnicos cualificados para a utilización dos equipamentos láser e outras tarefas relacionadas coas actividades de investigación.

Esta nova infraestrutura contará tamén con vantaxes engadidas nunha localización inmejorable en constante crecemento e perfectamente comunicada por estrada. Ademais, hai que destacar a súa proximidade co Campus Universitario das Lagoas-

Marcosende da Universidade de Vigo e dos novos polígonos industriais de Valadares e Salceda de Caselas.

Coa construción do Centro de Aplicacións Láser, a Xunta responde ás necesidades do tecido industrial de contar con tecnoloxía avanzada para dar servizo a unha enxeñaría horizontal como é a dos materiais. A nova infraestrutura incidirá no fortalecemento e competitividade das empresas en diferentes sectores, especialmente o da automoción, a construción naval, a fabricación de bens de equipo, a aeronáutica, a petro-química, o téxtil, a obtención e transformación do aluminio, a transformación do plástico e o sector eólico, entre outros.

Este proxecto fomenta o desenvolvemento da tecnoloxía láser no procesamento dos materiais metálicos, téxtiles, plásticos, de cerámica, así coma de novos materiais. AIMEN mellora con este proxecto as súas capacidades para desenvolver os procesos de unión, recarga, tratamento superficial, conformado asistido e corte mediante tecnoloxías láser e para avaliar a aplicabilidade dos materiais.

O Centro ofrecerá servizos de transferencia de tecnoloxía, formación e asistencia técnica para a mellora da calidade e do rendemento da produción así como asesoramento e outros servizos (informes, estudos de viabilidade e arbitraxes). Desta maneira, desde AIMEN asesoraranse as empresas durante o proceso de implementación dos materiais e estudarase conxuntamente a rendibilidade da introdución de novas tecnoloxías dos materiais no proceso produtivo.

A I+D+i que se realizará no Centro de Aplicacións Láser divídese en tres liñas fundamentais de investigación: o desenvolvemento da enxeñaría e da tecnoloxía de soldadura nos sectores da automoción, a aeronáutica, a construción naval e a fabricación de maquinaria e bens de equipo; o tratamento de superficies e o tratamento térmico localizado mediante tecnoloxía láser; e o conformado láser e asistido por láser. Inclúense, por exemplo, actividades como o corte por láser de alta precisión 2D e 3D, a aplicación do láser aos biomateriais ou a limpeza por láser para conservación de obras pictóricas, pergamiños e pedra de fachadas de edificios históricos, entre outras.

Un edificio versátil con plantas de investigación e oficinas

O novo centro, ao igual que sucede co Centro Tecnolóxico AIMEN, pretende ser un edificio versátil, con capacidade para adaptarse ás futuras necesidades. A superficie útil de investigación é de preto de 4.000 m² e consta dun almacén e varios talleres; dúas plantas piloto de investigación para técnicas de microprocesado láser e técnicas láser aplicadas sobre materiais; unha planta de demostración de procesado de materiais con láser; e diversas salas para oficinas de persoal de investigación, de administración e de xestión do centro, e oficinas para a transferencia de tecnoloxía.

Cada unha das plantas de investigación disporá de varias células láser, mecanizadas ou robotizadas, e dotadas de capacidade suficiente para adaptar os seus cabezais a diferentes aplicacións: corte de alta precisión, soldadura e recarga, así como de marcado e tratamento superficial.

O Centro Tecnolóxico AIMEN, con máis de cen entidades asociadas, é un centro de referencia no estudo dos materiais e das tecnoloxías de unión, incluíndo neste capítulo as tecnoloxías láser. Nos seus 40 anos de actividade vén contribuíndo á mellora das capacidades tecnolóxicas das empresas asociadas, incrementando así os seus niveis de competitividade. As previsións de crecemento para os tres próximos anos indican que se incorporará a trinta novos investigadores.

Ademais, AIMEN é o principal promotor da Plataforma Tecnolóxica Galega de Materiais e Procesos de Fabricación (MPF2020), apoiada por numerosas entidades do panorama galego e creada co apoio da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e segundo as prioridades establecidas polo Plan Galego de I+D+i 2006 – 2010 (INCITE). O obxectivo da Plataforma é servir de ferramenta para mellorar a competitividade, sustentabilidade e crecemento do tecido industrial de Galicia, mediante o desenvolvemento da I+D e o fomento e apoio á innovación no ámbito da enxeñaría e tecnoloxía de materiais e os procesos de fabricación.

VISTO E PRACE AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS PARA A PREPARACIÓN DE NOVOS PLANS DE ESTUDOS

- *O Consello da Xunta autoriza o compromiso de gasto de para a preparación de novas propostas derivadas da nova ordenación de ensinanzas universitarias oficiais*

O Consello da Xunta autorizou o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e as tres universidades galegas co fin de preparar propostas de novos plans de estudo dentro do novo Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). O compromiso de gasto deste convenio ascende a 533.600 euros.

O convenio, asinado o pasado mes de maio polo conselleiro de Educación, Xesús Vázquez Abad, e os reitores das tres universidades galegas, pretende financiar estudos que definan diferentes plans de estudo e criterios de avaliación dentro da nova ordenación universitaria.

Neste marco, algunhas liñas de actuación subvencionables serán o deseño de sistemas de avaliación das competencias, as consultas externas para elaboración de plans de estudo, procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso, a creación de indicadores de graduación, abandono e eficiencia das actuais titulacións e as súas prácticas ou a confección de sistemas de apoio e orientación de alumnos con discapacidade.

A contía total, que ascende aos 533.600 euros, repartirase de forma que 199.251 son para a Universidade de Santiago de Compostela, 168.663 euros para a Universidade da Coruña e 165.684 para a Universidade de Vigo.

A esta repartición chégase aplicando o seguinte criterio: 35% en función do número de matriculados durante o curso 2008-09, 30% segundo a cantidade de titulacións oficiais, 5% pola media de estudantes por titulación e outro 5% polo número de sedes ou campus habilitados. Por último, o 25% restante distribuirase de forma lineal entre as tres universidades.

Os proxectos subvencionados deberán dar lugar a unha memoria que se deberá entregar na Secretaría Xeral de Universidades antes do 30 de outubro de 2009 para ser posteriormente remitida ao Ministerio de Educación e Ciencia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E CAIXANOVA PARA PREMIAR A SUPERACIÓN PERSOAL E O RENDEMENTO ACADÉMICO DE ALUMNOS DE SECUNDARIA

- *Concederanse 20 galardóns ao esforzo e a superación persoal e outros 20 en recoñecemento ao mérito académico*

O Consello da Xunta deu o visto e prace ao convenio entre a Consellería de Educación e *Caixanova* dirixido a premiar a alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria cunha traxectoria especialmente meritória. Este convenio foi asinado polo conselleiro de Educación Xesús Vázquez Abad e o presidente de *Caixanova*, Julio Fernández Gayoso, o pasado 12 de xuño.

Esta colaboración levarase a cabo coa concesión de 40 premios distribuídos en dúas categorías. Por un lado, 20 premios ao esforzo e superación persoal para alumnos que tivesen que superar condicións de especial dificultade persoal, familiar ou social. Por outra banda, tamén haberá 20 premios extraordinarios ao rendemento académico dirixidos a alumnado que obteña o título de graduado en ESO e que destacase polos seus resultados.

Cada unha das partes achegará 20 ordenadores portátiles destinados aos premios. A Consellería de Educación compromete un máximo de 18.256 euros para a adquisición da súa parte mentres *Caixanova* se fará cargo dos premios restantes.

A selección dos premiados corresponderá á Consellería de Educación que constituirá unha comisión pública para ese fin. Ademais, os aspirantes a premios ao rendemento académico serán convocados a unha proba para valorar mellor as circunstancias nas que participan.

Ademais, a Consellería comprométese a arbitrar as medidas para que a convocatoria sexa coñecida polos centros educativos que imparten Educación Secundaria Obrigatoria en Galicia. No caso de que quedase sen adxudicar algún dos premios, comezaríase diminuindo a achega da Consellería de Educación para continuar, no caso do remate deste, coa redución da contribución de *Caixanova*.

FIXADA A ACTIVIDADE SANITARIA PARA O 2009 NO MARCO DO CONVENIO ESTABLECIDO ENTRE O SERGAS E O HOSPITAL JUAN CARDONA DE FERROL

- *O importe máximo da actividade para o presente ano é de 13,4 millóns de euros*

O consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou un proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura da cláusula adicional sexta ao concerto establecido entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Congregación do Santo Hospital, do que depende o Hospital Juan Cardona de Ferrol, pola que se fixa a actividade sanitaria para o presente ano.

Así, segundo consta no concerto, a actualización anual realizarase mediante a subscripción dunha cláusula adicional que fixe a contraprestación económica e a definición do contido da actividade sanitaria, así como o importe máximo, se é o caso.

O obxectivo desta cláusula adicional é a definición, para 2009, do contido da prestación sanitaria proporcionada polo Hospital Juan Cardona aos beneficiarios do Servizo Galego de Saúde, coa extensión e as condicións que nel se especifican. Tamén define a contraprestación económica que o hospital concertado vai percibir polos mencionados servizos.

O importe máximo da actividade para 2009 é de 13.477.887 euros.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SUBSCRICIÓN DUNHA ADDENDA AO CONVENIO PARA A CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE ACOLLIDA DE VISITANTES AOS PETRÓGLIFOS DE MOGOR, EN MARÍN

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Marín para a construción dun centro de acollida de visitantes aos petróglifos de Mogor. O presente convenio manterá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2010.

Este convenio foi asinado o 2 de xaneiro de 2009, pola Consellería de Cultura e Deportes e o Concello de Marín, estando previsto no acordo inicial a realización das obras ao longo deste exercicio orzamentario. Por razóns técnicas non se licitou a obra ata o momento e tendo en conta que o prazo de execución das obras é de 6 meses, non vai ser posible finalizala nas datas inicialmente previstas. Por ese motivo considerouse necesario efectuar un reaxuste das anualidades programadas no convenio de colaboración asinado.

A contía total da achega da Consellería de Cultura e Turismo ascende a 212.868,82 euros, sendo este mesmo organismo o encargado de contratar os informes, proxectos e obras que sexan necesarias para o desenvolvemento destas actuacións. O concello de Marín comprométese a poñer á disposición da Consellería de Cultura e Turismo os terreos necesarios, libres de cargas e gravames de todo tipo, para que esta poida desenvolver as obras de construción do centro.

A XUNTA REFORZARÁ AS TAREFAS DE CONTROL E VIXILANCIA DO SERVIZO DE GARDACOSTAS CO BUQUE 'RÍA DE VIGO'

- *O buque da Axencia Europea de Seguridade Marítima (EMSA) con base en Vigo ampliará as súas funcións de salvamento e loita contra a contaminación*
- *O barco sumase ao remolcador 'Sebastián Ocampo', ao buque de salvamento e apoio 'Irmáns García Nodal', ao 'Valentín Paz Andrade' e á patrulleira 'Paio Gómez Chariño'*

A Xunta reforzará as tarefas de control e vixilancia do Servizo de Gardacostas de Galicia co buque 'Ría de Vigo', da Axencia Galega de Seguridade Marítima (EMSA). Deste xeito amplíanse os medios cos que conta a Consellería do Mar, para levar a cabo os traballos de inspección pesqueira e a loita contra o furtivismo.

O buque, con base en Vigo, realizará as súas funcións de loita contra a contaminación e participará nos exercicios que se programen para tal fin, pero compatibilizará esta dispoñibilidade cos traballos asignados polo Servizo de Gardacostas, para o control e vixilancia do noso litoral. Neste sentido servirá de apoio as accións iniciadas recentemente desde a Consellería do Mar para loitar contra o furtivismo.

O 'Ría de Vigo' sumarase aos medios cos que conta na actualidade o Servizo de Gardacostas da Xunta, do que forman parte o remolcador 'Sebastián Ocampo', o buque de salvamento e apoio 'Irmáns García Nodal', o 'Valentín Paz Andrade' e a patrulleira 'Paio Gómez Chariño'. Coa incorporación do buque da EMSA incrementanse os medios materiais e humanos para realizar as tarefas de salvamento marítimo, loita contra a contaminación mariña e as accións de vixilancia e inspección.

O Consello da Xunta acordou hoxe a modificación do contrato de xestión do servizo público de Gardacostas con Remolcanosa, para facer posible esta mellora dos medios destinados a vixilancia e salvamento. O 'Ría de Vigo' manterá a súa base en Vigo, o que permitirá unha maior operatividade do buque.

PRESENTADO NO CONSELLO DA XUNTA O PLAN DE INTERVENCIÓNS NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO CUN ORZAMENTO DE 950.000 EUROS

- *A Xunta ten previsto investir en dous anos un total de 650.000 euros na mellora e recuperación dos espazos públicos e carballeiras do Camiño Francés para o seu acondicionamento de cara ao Xacobeo 2010.*
- *A Consellería de Cultura e Turismo abrirá unha orde de axudas a particulares por un importe de 300.000 euros para garantir a conservación do patrimonio etnográfico das parroquias polas que descorre o Camiño de Santiago.*
- *O Plan de Intervencións propón accións complementarias para mellorar o acceso e difusión aos monumentos e un programa cultural de exposicións e concertos de música clásica nas igrexas do Camiño.*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe no Consello da Xunta o Plan de Intervencións dos Camiños de Santiago cun orzamento previsto de 950.000 euros ten por obxectivo a rehabilitación e o acondicionamento dos espazos públicos, carballeiras e patrimonio etnográfico do seu contorno de cara á súa posta en valor no Xacobeo 2010. Con este programa de actuacións, a Consellería de Cultura e Turismo incidirá directamente e de xeito inmediato sobre a configuración dos propios camiños de peregrinación, dos lugares de reunión e de uso que se estruturan ao seu arredor e dos elementos esenciais que os bordean, limitan e lles dan forma.

Segundo a liña prioritaria marcada pola Dirección Xeral do Patrimonio, trátase de recuperar o propio camiño como principal recurso cultural, turístico e de promoción do Ano Xacobeo. O criterio básico de todas as intervencións será o de ofrecer unha imaxe uniforme e impecable que reflicta a singularidade dunha paisaxe e dunhas construcións propias de Galicia, unha imaxe iconográfica e un sinal de identidade tanto para os habitantes dos núcleos rurais como para os peregrinos e visitantes que se achegan á nosa comunidade.

A dinamización cultural e económica dos camiños pasa por potenciar o uso de actividades alternativas e compatibles coa súa conservación e por resolver as carencias funcionais e de servizos nos territorios rurais. Para a protección e preservación dos espazos e construcións tradicionais potenciarase o emprego de técnicas e materiais propios das zonas de intervención e o traballo dos artesáns e oficios especializados locais.

Espazos públicos nos núcleos rurais

O programa de intervencións nos espazos públicos propón a recuperación sustentable e a posta en valor dos lugares de uso comunitario (prazas, fontes, lavadoiros, ...) que serven de punto de encontro para a celebración de reunións, festas ou actividades comúns nos núcleos rurais. Son espazos de intercambio de cultura e coñecementos que fomentan as actividades sociais e que son sinais de identidade propios e

singulares da nosa paisaxe cultural. Intervirase a prol da integridade e da unidade do territorio e da paisaxe e, do mesmo xeito, corríxiranse erros ou impactos producidos por actuacións sen control ou por un desenvolvemento pouco reflexionado.

A primeira fase de intervencións a curto prazo será nos tramos do Camiño Francés, o de maior relevancia e do que existe documentación técnica máis avanzada, que precisen unha maior e urxencia. Neste sentido, establécese un período de dous anos de actuacións prioritarias para un total de 12 actuacións en espazos públicos dos concellos das provincias de Lugo e A Coruña polos que descorre o Camiño: Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos, Sarria, Paradela, Portomarín, Monterroso, Palas de Rei, Melide, Arzúa, O Pino e Santiago de Compostela.

A estimación orzamentaria para esta primeira fase de actuacións en espazos públicos é de 2 millóns de euros. A Consellería de Cultura e Turismo achegará un total de 500.000 euros, a través de protocolos de colaboración coa S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, e a subvención do resto do investimento xestionarase co Ministerio de Fomento en virtude do programa do 1 por cento cultural.

A Consellería de Cultura e Turismo priorizará, así mesmo, as actuacións nos espazos públicos que produzan un efecto significativo na mellora das súas condicións e que revertan situacións de perda de integridade e dos valores orixinais do lugar. A previsión é que a execución do programa teña sucesivas actualizacións periódicas ata o seu desenvolvemento en todos os Camiños de Santiago.

A carballeira como espazo de relación comunal

O Plan de Intervencións prevé a restauración das carballeiras dos Camiños de Santiago para a súa rehabilitación como espazo de relación comunal netamente galego, escenario de actividades culturais, relixiosas ou lúdicas ademais das estritamente agrarias. O obxectivo é o de concienciar sobre o valor desde patrimonio e reparar as agresións e transformacións sufridas cunha actuación urxente a dous anos vista e actualizacións periódicas posteriores para a súa completa execución.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural seleccionará na primeira fase de actuación 12 intervencións nas carballeiras do Camiño que teñan un especial significado para a comunidade e que necesiten unha recuperación inmediata. En total destinaranse 600.000 euros á elaboración dos proxectos e á execución das actuacións de restauración. Desta cantidade, a Consellería de Cultura e Turismo achegará 150.000 euros e o restante será financiado polo Ministerio de Fomento a través do 1% cultural.

Neste eido, o programa terá unha planificación transversal coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a súa colaboración no estudo e aplicación ás carballeiras que o precisen dos tratamentos fitosanitarios e ambientais necesarios.

Axudas a particulares

Para preservar a integridade e conservación do patrimonio etnográfico construído á beira dos Camiños de Santiago, a Consellería de Cultura e Turismo desenvolverá unha orde de axudas dirixidas aos propietarios particulares daqueles elementos senlleiros (hórreos, cruceiros, petos de ánimas, muíños, lavadoiros, ...) que son característicos da cultura e de modos de vida tradicionais.

As axudas terán como ámbito de aplicación as parroquias de todos os Camiños de Santiago cun orzamento de 300.000 euros para o período 2009-2010. O plan prevé novas convocatorias con carácter bianual. Unha comisión valorará a súa concesión en función da proximidade ao Camiño do elemento patrimonial, do seu estado de conservación e da proposta de colaboración do solicitante entre outros criterios.

Actuacións complementarias

O Plan de Intervencións será apoiado por outros programas complementarios. O Plan de Acceso aos Monumentos establece as liñas de traballo para mellorar a dispoñibilidade dos peregrinos e interesados as igrexas do Camiño. A través dun acordo coas autoridades eclesiásticas buscarase un sistema de xestión axeitado para fixar horarios estables, a contratación de guías e a difusión de folletos.

O plan de Exposicións dos Camiños de Santiago e o seu Patrimonio Cultural, localizado en edificios emblemáticos do territorio e da propia cidade, fundamentarase nos traballos existentes sobre *Visións do Barroco en Galicia, As Carballeiras de Galicia, A Arquitectura do Camiño de Santiago, Mosteiros de Galicia e Catedrais de Galicia*.

Como accións complementarias, establecerase un plan de concertos de música clásica nas igrexas do Camiño de Santiago e a conservación e mantemento de edificios restaurados propiedade da Igrexa. A Consellería de Cultura e Turismo colaborará para deseñar un plan de xestión para a rendabilidade económica dos bens eclesiásticos, do seu mantemento e dunha restauración sustentable e mantemento cotián.

Dentro do Plan de Intervencións inclúese o Plan de Visitas Virtuais que propón a necesidade de elaborar a documentación e o soporte para a creación de percorridos dixitais polos camiños de Santiago e os seus monumentos.

Oficinas de rehabilitación

As oficinas de rehabilitación dos Camiños de Santiago serán a fórmula para achegar solucións técnicas *in situ* ás necesidades que se poidan presentar nas actuacións sobre vivendas e patrimonio etnográfico. En contacto directo cos concellos, a creación destes equipos técnicos, con arquitectos expertos en restauración

monumental, permitirá coordinar e xestionar as axudas e todas as iniciativas de rehabilitación.